



Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Asociación área Empresarial do Tambre para o establecemento dun marco de actuación conxunta en favor do desenvolvemento do espírito emprendedor no marco de Eduemprende.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou, o 19 de xullo de 2017, coa Área Empresarial do Tambre o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

emprendedoras dentro do marco de Eduemprende, Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.
2. Que a Asociación Área Empresarial do Tambre, ten entre os seus fins programar, desenvolver e executar accións formativas.





3. Ante o déficit emprendedor en Galicia é necesario crear as condicións para que poidan prosperar as iniciativas e as actividades emprendedoras. Neste senso o Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia Eduemprende aprobado no 2010 ten como obxectivo estratéxico a implantación na comunidade educativa desta cultura emprendedora necesaria para mellorar a competitividade das nosas empresas e a empregabilidade do alumnado galego.
4. Que no Consello Europeo de Lisboa de marzo de 2000, que deu lugar ao programa “Educación e Formación 2010”, se recoñeceu a necesidade do fomento das iniciativas emprendedoras desde o ámbito educativo, así como a necesidade de crear políticas de educación e de formación que fomenten a cultura emprendedora e innovadora como motor da innovación, da competitividade, da creación de emprego e do crecemento económico, no que o fomento do espírito emprendedor se recoñece como unha competencia clave para enfrontar os cambios sociais e económicos que se derivan da sociedade do coñecemento.
5. Que no Decreto 105/2014, do 4 de setembro , polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 11 se fai referencia ao emprendemento como elemento transversal que se traballará en todas as asignaturas.
6. Que no Decreto 86/2015, do 25 de xuño , polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 4 se fai referencia ao emprendemento como elemento transversal que se traballará en todas as materias.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria en Santiago de Compostela.

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Manuel Corredoira López

